

INTRODUCCIÓN

Con esta tarefa grupal, pretendemos abordar as diferentes clasificacións dos modelos de orientación e asesoramento.

Gustaríanos destacar en primeiro lugar, que estamos máis familiarizadas cos primeiros, posto que na titulación de Pedagogía, cursamos varias materias nas que tratamos de forma extensa as diferentes clasificacións dos modelos de orientación.

Pola contra, carecemos dunha formación ou base previa no referido ós modelos de asesoramento; motivo polo cal estivemos indagando en diversas fontes tanto bibliográficas como webgrafía, para coñecer en que se basean e cales son as diferencias principais entre uns e outros.

Imos comezar facendonos unha pregunta: ¿Que é un modelo de intervención? Empregando a definición de (Santana, 2003) é unha representación que integra o deseño , a estrutura e os compoñentes básicos dun proceso de intervención en orientación.

Consideramos oportuno presentar unha aproximación do concepto como grupo de traballo onde entendemos que un modelo de intervención é o posicionamento teórico-práctico que adopta o profesional, neste caso o asesor/a, á hora de levar a cabo a súa práctica laboral.

Seguindo a Jesús Domingo Segovia (2005), compartimos a idea de que "os modelos non deben entenderse como categorías de clasificación puras e mutuamente excluíntes senon máis ben como un recurso heurístico que pode resultarnos útil a efectos de simplificar e caracterizar de modo comprensivo realidades moi variadas e diferentes entre sí".

Os modelos non deben ser entendidos de maneira illada, deben complementarse uns ós outros para enriquecer a práctica profesional do asesor/a.

O primeiro que vamos a abordar son os modelos de orientación, xa que son os que máis manexamos, para logo centrarnos nos de asesoramento así pois, imos comezar ca clasificación de Álvarez e Bisquerra (2004) para analízalos. Polo cal a clasificación é a seguinte:

❖ **Modelo clínico ou de counseling**

Dende este modelo, concíbese que a orientación actúa sempre de forma directa e ó longo de todo o proceso, é por tanto, unha relación de axuda directa e interpersonal que comprende:

- Comunicación persoal: basease en coñecer ó suxeito ou grupo de suxeitos e intentar comprendelo
- Avaliación das necesidades e demandas para deseñar a intervención
- Interpretación: sempre pretende axudar comprendendo

O seu obxectivo principal é a mellora e axeitada solución dos problemas. Ten ademais un carácter terapéutico, no que priman as actitudes do orientador, é dicir, a formación que teña para conseguir extraer a información valiosa.

❖ **Modelo de Consulta**

Trátase dunha intervención asumida por axentes axentes significativos para o alumnado pero diferentes do orientador/a. Non a vai desenvolver directamente o orientador, é dicir, non hai intervención directa do orientador co alumno.

É un proceso de intercambio de información e ideas entre o consultor (o orientador, que diseña co consultante o plan de acción; este último é o axente significativo que detecta o problema) e a outra persoa ou grupo que permite alcanzar un consenso sobre as decisións a tomar en cada fase do plan de acción.

O proceso que guía o modelo de consulta ríxese por unha serie de fases:

1. Establecemento dunha relación entre o consultor (orientador) e o consultante (persoa que detecta a necesidade)
2. Unha vez establecida esa relación, lévase a cabo a análise e clarificación da situación (demanda).
3. Exploración de alternativas
4. Formulación conxunta (non a desenvolve únicamente o orientador senón que conta tamén co axente significativo) de plans de acción.
 1. Implementación: posta en práctica por parte do consultante (é o axente o que pon en práctica esa intervención que fixo xunto co orientador) do plan cos destinatarios.
5. Avaliación do plan.

❖ **Modelo de programas**

Iniciase na década dos anos sesenta nos EE.UU e surxe en contraposición ó modelo de consulta. Intenta garantir o carácter educativo da educación, por primeira vez vese a necesidade de integrar a orientación dentro do currículo e que se vexa dentro do proceso educativo. O enfoque metodolóxico que segue son os estudos socio-psicopedagóxicos, sempre se inicia coa avaliación de necesidades do contexto e diagnóstico do suxeito e finaliza cunha proposta de mellora, continuación ou supresión do programa.

Este modelo de programas temos que enténdelo sempre como unha estratexia de intervención que está entre a identificación de necesidades, o principio, e a satisfacción desas necesidades, é dicir, a consecución dunhas determinadas metas.

Por outra banda, consideramos importante abordar os modelos de orientación dende máis perspectivas, polo que a continuación tamén incluímos outras clasificacións.

Segundo a J. M. Escudero Muñoz, (1986) emprega como criterio de clasificación a relación que manteñen entre sí o orientador/a e a persoa orientada. Por iso, diferencia tres tipos de modelos:

❖ **Modelo Psicométrico:** nel o orientador/a é un experto en técnicas de orientación, e o orientado/a o destinatario dos resultados das mesmas.

❖ **Modelo clínico-médico:** o orientador/a diagnostica e diseña as intervencións que son postas en práctica polo tutor/profesor.

❖ **Modelo humanista:** o profesor/a adquire o papel de orientador activo. A orientación enténdese aquí como un proceso de axuda ó individuo.

En último lugar, queremos destacar a aportación de Carles Monereo, quen en 1996 realiza unha nova clasificación sobre os diferentes tipos de modelos en orientación, os cales recolleemos a continuación:

❖ **Modelo asistencial ou remedial (enfoque clínico).**

❖ **Modelo de consello (vinculado á corrente humanista).**

❖ **Modelo consultivo (relacionase co enfoque condutista da orientación).**

❖ **Modelo construtivista.**

Non queremos rematar sen deixar claro que existen diferentes criterios a partir dos cales se realizaron distintas clasificacións dos modelos de orientación educativa. Téñense realizado clasificacións en función do período histórico onde se desenvolveu cada modelo, en función da teoría ou escola psicolóxica que sustenta o modelo, en función da relación que manteñen entre sí os axentes da orientación (orientador, suxeito que demanda orientación, contexto social), en función do tipo de intervención, etc.

Logo desta introdución ós modelos de orientación, queremos centrarnos máis polo miúdo nos modelos de asesoramento, xa que foron varias as fontes consultadas e moita a información que nos pareceu de gran importancia á hora de elaborar esta tarefa. Para facer unha pequena aproximación a estes modelos extraemos catro enfoques ou perspectivas tradicionais da labor asesora en educación, as cales son:

❖ **Perspectiva social: asesoramento comprometido e comunitario.**

É unha perspectiva que xorde para prestar axuda ós profesionais que interveñen de forma directa con poboación en risco ou que precisan tomar decisións que afectan a menores en risco: xuíces e fiscais.

As dúas modalidades de asesoramento que se encadran dentro desta categoría son o asesoramento comprometido e o asesoramento comunitario. Ámbalas dúas se vinculan ás teorías sociolóxicas do desenvolvemento. A intervención que se leva a cabo está ligada a grupos sociais e comunidades, non tanto a atención individualizada. O asesor nesta casuística ten que loitar conforme a valores de igualdade de oportunidades, xustiza e cambio social.

No asesoramento comprometido o asesor desenvolve un proceso de axuda á liberación e emancipación cultural, á vez que incorpora a análise das "dinámicas de poder na estrutura social, da hexemonía do coñecemento e da mentalidade das clases dominadas". Así pois, é un asesoramento no que participan tanto o asesor como o grupo asesorado partindo das experiencias ou vivencias deles mesmos, para lograr a integración da teoría nesa práxis e sacar á luz problemas e necesidades dos desfavorecidos.

No asesoramento comunitario un elemento importante é o *empowerment* das comunidades e individuos, o que quere dicir que asesorar é aumentar o poder dos grupos comunitarios e das persoas á hora de tomar decisións sobre cuestións da vida diaria.

❖ **Perspectiva pedagóxica: o movemento polo cambio, a innovación e a mellora da escola.**

Os servizos de apoio externo comezan a cobrar importancia coas reformas educativas do século XX: cando se crea a figura da persoa experta que orienta; se indaga nunha nova forma de sacar beneficios dos poucos recursos humanos; e, se considera o centro escolar como unidade decisiva para mellorar a educación, en detrimento da concepción do profesor individual como educador.

As características orixinarias do asesoramento escolar, e que seguen estando aínda vixentes xunto con outras prácticas novidosas, serían aquelas de axuda a profesionais expertos,

garantir determinadas reformas que parten da iniciativa da administración educativa e actividade articulada en forma de servizos externos á escola.

En relación a esta situación Rodríguez Romero define o asesoramento: “el asesoramento é unha práctica educativa en si mesma contraditoria, porque foi creada para dar ó profesorado un servizo que non pedira”. Así, a figura do asesor foi creada para proporcionarlle axuda e mediar entre os profesionais da ensinanza, aínda que eles non reclamaran tal. Deste xeito, pretendíase unha mellora na educación, e o asesor foi un axente creado para participar e colaborar nese cambio e para asegurar o cumprimento das normativas da administración.

❖ **Perspectiva psicolóxica: os enfoques clínico, sistémico e educativo-constructivista.**

No ámbito do asesoramento escolar optouse por un tipo de consulta centrado no asesoramento ou no programa, e con un modo fundamentalmente clínico e prescriptivo.

- Enfoque clínico: o psicólogo escolar como experto en diagnóstico e en tratamentos educativos, dende un modelo clínico e prescriptivo da intervención. Este modelo aposta pola existencia de procedementos e técnicas psicolóxicas directamente aplicables á resolución de problemas educativos. O psicólogo escolar sería un experto con poder para incidir na acción do profesorado ou para prescribirlle programas que debe aplicar.
- Enfoque sistémico: na resolución de problemas este enfoque proporciona relevancia ó contexto socioeducativo no que se desenvolven os individuos e organizacións e onde ten lugar a súa intervención. É necesario que o asesor axude ó individuo a coñecer o medio, a concienciarse das posibilidades e das limitacións para a súa realización persoal. Este enfoque ten a particularidade de que considera as organizacións como un sistema de interaccións, polo que o individuo poderá mudar sempre e cando esté en interacción con axentes contextuais.

Como é sabido por todos, a visión sistémica está caracterizada pola:

- Complexidade da realidade que se pode comprender abordándoa globalmente.
 - Os diferentes sistemas son interdependentes entre sí (social, educativo, centro, aula...).
 - Un fenómeno concreto será consecuencia e estará orixinado por outro.
 - Todo sistema se rixe por unha dinámica de equilibrios entre cambio e estabilidade.
 - Consideración do comportamento como algo que se modifica e constrúe en interacción cos outros.
-
- Enfoque educativo-constructivista do asesoramento: sitúase nun modelo teórico con dúas dimensións: o enfoque sistémico das relacións, problemas e institucións e a

perspectiva constructivista dos procesos ensinanza-aprendizaxe.

Os destinatarios deste enfoque serían a institución escolar e os procesos que nela se levan a cabo. Esta modalidade traslada ó asesoramento conceptos como participación guiada, aprendizaxe significativo, zona de desenvolvemento próximo... Así, dende este enfoque faríase posible a aprendizaxe dos participantes implicados, á vez que actúa sobre a consciencia na resolución de problemas.

Ó igual que o enfoque sistémico, o constructivismo adopta unha perspectiva sociocultural na que os implicados se dan conta de que forma o contexto intervén na orixe do problema.

❖ **Perspectiva psicopedagóxica: o modelo de consulta en Orientación Educativa.**

Para finalizar con esta clasificación, dende un plano profesional, son os psicopedagogos os que se encargan de desenvolver todas aquelas actividades vinculadas co asesoramento na escola. A maioría das consideracións realizadas sobre o asesoramento en educación dende a perspectiva pedagóxica e psicolóxica son asumibles dende a perspectiva da orientación educativa. Como xa se dixo, estas dúas perspectivas das que se está a falar circunscríbense ó campo da orientación educativa e a formación permanente do profesorado.

Na actualidade a consideración aplicada á orientación educativa está ligada coa prevención, desenvolvemento, e intervención social ou sistémica.

O modelo institucional non universitario de orientación queda establecido pola LOGSE. Esta lei consideraba a orientación como un dos once principios que deben guiar a actividade educativa e destacábaa como un factor de calidade en educación. As características deste modelo son:

- Dirixido a promover o cambio e a mellora das relacións entre os diferentes axentes educativos.
- Con un estilo de intervención colaborador e mediacional.
- Con unha función preventiva e orientada ó desenvolvemento persoal, con un plantexamento sistémico e ecolóxico.

En definitiva, estas catro perspectivas presentan grandes semellanzas en relación ó asesoramento:

- O proceso debe iniciarse unha vez que os asesorados o reclaman, non debe ser o asesor o que comece ese proceso.
- Todo proceso de asesoramento se orienta cara o cambio e a mellora, o que supón a

elaboración dalgunha transformación.

- Dende todas as perspectivas se ve o asesoramento como un proceso que xira en torno ó coñecemento teórico e práctico; é dicir, toman os coñecementos máis teóricos para reorientalos e repensalos dende supostos prácticos.
- A dinámica de traballo que se leva a cabo responde a técnicas de resolución de problemas.
- Os destinatarios da acción son as propias institucións e as organizacións, xa que nelas é onde se deben emprender os cambios e as melloras que se pretenden.
- O asesor e asesorado establecen unha relación de aprendizaxe e colaboración mútua.
- Asesoramento preséntase como unha actividade chea de valores.

Outro dos documentos no que nos apoiamos é o que fai referencia á obra de Louis et al., 1985 ; Escudero y Moreno, 1992, no que os modelos responden a distintas tipoloxías de apoio escolar e posibilitan a caracterización de roles, tarefas e funcións dende unha perspectiva máis ampla que nos axudan a comprender a súa natureza. Algúns autores entenden os roles dos asesores/as situados nun continuo cuxos extremos se corresponden co modelo centrado en contidos (asesor especialista) e o modelo centrado en procesos(asesor xeralista)

Estes modelos xorden a raíz do intento de clarificar a tendencia do asesoramento. Así, ambos modelos teñen como fin establecer esquemas comprensivos que permitan caracterizar o tipo de estrutura de apoio, o papel deste profesional e as estratexias a seguir.

Entón expoñeremos dous modelos de asesoramento a partir dunha serie de categorías a través das cales iremos caracterizando cada un dos enfoques de maneira que quede máis claro a súa fundamentación, diferenzas, semellanzas, etc.

❖ **Modelo centrado en contidos: asesor especialista.**

- O papel do coñecemento.

O asesor neste modelo caracterízase por ter unha complexa formación técnica, de aí que falemos deste profesional como un especialista. Isto ven determinado polo dominio que ten sobre un área de coñecemento concreto así como polo desenvolvemento dunhas competencias que lle permiten comunicar e aplicar ese coñecemento en contextos concretos sendo capaz de ofrecer solucións e alternativas a determinadas situacións.

- O papel da relación asesor- asesorado.

Dende esta perspectiva, o asesor como experto, a relación que se establece entre éste profesional e a persoa asesorada, non é relevante.

O asesor ten como fin a resolución dun problema determinado, co cal, a relación que se establece entre estas dúas persoas será temporal e o asesor/a, neste caso, estará dotado de maior poder o que terá como posible consecuencia, un distanciamento entre as persoas. Nembargante, iso non quere dicir que non se teña que dar unha boa relación entre o asesor e o asesorado pois isto permitirá que a práctica sexa o máis axustada posible.

➤ O concepto de cambio.

Enténdese o cambio como un aspecto axeo ó centro e ós intereses dos seus membros co cal, non son os axentes internos da escola os que definen, planifican e avalían as propostas de cambio e mellora senón que se realizan en instancias externas ao centro (administracóns educativas). Neste contexto, será o asesor especialista o encargado de xestionar os procedementos para conseguir a posta en marcha do cambio que se propón manipulando aos grupos para que non opoñan resistencia.

➤ O concepto de perfeccionamento.

Este perfeccionamento enténdese como o enriquecemento persoal do profesorado a través da dotación de coñecementos e habilidades que permitan a resolución de conflitos específicos coa conseguinte mellora do rendemento do alumnado.

Para finalizar con este modelo, dicir que algúns autores (Rodríguez Romero) consideran que ao falar de asesoramento non se pode facer referencia á axuda e apoio (funcións básicas do asesoramento) e ó asesor especialista como elementos complementarios pois é totalmente incompatible xa que a connotación de especialista eliminaría calquera posibilidade de establecer relacións de horizontalidade entre os profesionais que se ocupan dos procesos de ensinanza-aprendizaxe.

En resumen, no modelo centrado en contidos, o asesoramento diríxese máis especificamente a cuestións puntuais, á mellora de determinados aspectos delimitados, frecuentemente relacionados con conflitos ou problemas referentes a contidos e a ensinanza de áreas ou disciplinas que se traballen no currículo aínda que tamén pode considerarse dentro deste modelo introducións de innovacións na ensinanza de determinados contidos. Neste modelo, o asesor realiza o seu traballo de maneira individual co docente ou en pequenos grupos e acostuma a manter unha posición de neutralidade fronte a iniciativas de mellora. Ademais, este modelo caracterízase por non presentar unha preocupación pola capacitación dos docentes así como un baixo grado de implicación ca institución.

❖ **Modelo centrado en procesos: asesor xeralista**

Trátase dun modelo de asesoramento dirixido, fundamentalmente, aos centros escolares e concibe a escola como unha organización e sistema de relacións sociais. O asesoramento, dende esta perspectiva, ten como fin ser un medio que facilite o desenvolvemento profesional do persoal da escola potenciando o traballo en grupo, a resolución de conflitos e a planificación como aspectos clave. Este modelo ten o seu eixe central na transformación da mentalidade do persoal docente de tal maneira que, a través da experiencia, este se percaten da importancia das relacións de colaboración, das diferenzas entre enfrontarse a un problema dunha determinada maneira ou doutra e, fundamentalmente, a importancia dos aspectos organizativos e a súa transcendencia en toda a organización (escola).

➤ O papel do coñecemento.

Este enfoque pon o énfase nos procesos e procedementos que conducen a producir cambios educativos nos centros. Trátase dun coñecemento que permita descifrar as claves do aprendizaxe profesional dos docentes, que plans farían máis facil a súa formación e que destrezas é necesario potencia para xerar dinámicas de cambio.

Dende esta perspectiva o asesor non ofrece solucións nin impón o seu criterio senón que ofrece axuda para que os docentes, a partir da seu propio desempeño profesional, identifiquen e analicen os seus propios conflitos. Desta maneira pon o énfase en transmitir coñecementos, técnicas e destrezas aos membros da escola para que todo os conxunto que conforma o centro escolar, sexa capaz de resolver e solucionar distintas situacións en conxunto prescindindo da figura do asesor.

➤ O papel da relación asesor- asesorado.

A diferenza do outro modelo, neste as relacións adquiren un papel fundamental na tarefa do asesoramento. O asesor traballa con persoas para desenvolver unha serie de habilidades ou destrezas pois a resolución de conflitos debe ser realizada entre tódolos membros implicadas no proceso educativo. Así, en contraposición ao modelo de contidos, as relacións que aquí se establecen son máis continuadas ou a longo prazo, con carácter máis personalizado, comprometido e responsable.

O asesor/a traballará como enlace entre docentes, pais e alumnos/as ofrecendo plataformas que propicien o diálogo, a cooperación e o compromiso.

➤ O concepto de cambio.

O cambio neste modelo comeza cando se da un cambio persoal ou grupal o cal ten como consecuencia un cambio institucional. Desta maneira, este só se produce cando os axentes educativos toman a decisión e comprométese coa propia transformación. Neste punto, o asesor encárgase de crear as condicións que faciliten ese cambio adoptando diversos roles, os cales segundo Nieto Cano, son os seguintes:

- Recurso persoal
- Proveedor de ideas
- Estimulador de cambio
- Facilitador de plans.
- Diseminador de materiais.
- Motivador de profesores e pais
- Conselleiro
- Axente de desenvolvemento de actitudes

Pero, nembargante, son as comunidades educativas as que deseñan, desenvolven e avalían as súas propias propostas de cambio.

➤ O concepto de perfeccionamento.

Dende esta perspectiva, compréndese o perfeccionamento do profesorado dentro do propio centro, a partir das situacións que xorden cada día, na busca de solucións a partir da propia práctica e na interpretación que cada un faga dos distintos procesos que se dean no centro. Neste contexto, o asesor/a defínese como un profesional que axuda á persoa asesorada a percibir, comprender e actuar sobre acontecementos que teñen lugar no seu ambiente de cara a melloralo. Así, no modelo anterior facíamos referencia ao perfeccionamento dende o punto de vista individualista, encarado ao aula e descontextualizado e, neste modelo, enténdese dende un punto de vista máis global como un proceso de capacitación.

En definitiva, no modelo de procesos, o asesoramento ten como eixo central os procesos de comunicación, a reflexión e a capacitación que se xera ao longo do proceso de axuda e apoio. Búscase pór a atención nos aspectos globais que afectan ás institucións e ás persoas, mentres o traballo máis específico sobre os contidos do cambio queda relegado a un segundo plano. Este modelo caracterízase por levar a cabo accións en grupo nas que o asesor/a non se presenta como un axente neutral fronte ao cambio, senón que, polo contrario, expón o seu punto de vista, xerando ideas e expectativas que conduzan á creación de alternativas colaborativas. Este tipo de asesoramento ten como fin a capacitación e o emponderamento dos grupos e das institucións

para que poidan enfrontarse de maneira autónoma a outras situacións conflitivas, de cambio ou de mellora a partir da comprensión conxunta das situacións.

A continuación, presentamos outra das clasificacións dos modelos de asesoramento a organizacións educativas extraída da obra “Asesoramiento al centro educativo. Colaboración y cambio en la institución”, coordinada por Domingo Segovia, J. no 2005.

En primeira instancia, para poder contextualizar a postura de Nieto Cano (cap. 7, páx. 167) ante os modelos de asesoramento nesta obra, consideramos oportunos recoller a explicitación de estes dous conceptos: *“En primar lugar, definimos y caracterizamos en líneas generales el asesoramiento como fenómeno –actual o ideal- que forma parte de la realidad educativa”* e *“Por otra parte, empleamos el término modelo en el sentido de marco de referencia interpretativo que sirve para comprender la interacción de asesoramiento, para determinar lo que es importante, relevante y valioso en este tipo de evento, así como para fundamentar elecciones y guiar la acción a emprender por las partes implicadas”*.

Retomando dita clasificación, Nieto Cano estrutura os modelos de asesoramento a organizacións educativas do seguinte modo:

- Modelo de intervención
- Modelo de facilitación
- Modelo de colaboración

❖ **Modelo de intervención**

No referente ao modelo de intervención, consideramos oportuno achegar a súa concepción ao respecto: *“La intervención define un tipo de asesoramiento educativo centrado en el punto de vista de la parte asesora”* y *“Tal modelo de asesoramiento encuentra reflejo en la metáfora del médico que diagnostica una dolencia y receta un remedio a su paciente”*.

A trazos xerais, baseándonos nas ideas do autor, pódese caracterizar a actividade asesora neste modelo da seguinte maneira:

- Como a persoa que soluciona un problema ao profesor/a, onde o profesor depende do/a asesor/a.
- Proporcionáanse consellos a través de condutas interpersoais directivas e informacionais.
- Os materiais dos que proveñen aos profesores/as están prescritos de forma externa ou ben son deseñados ao efecto pola persoa asesora para que, deste modo, sexan adaptados e aplicados sistematicamente polo/a profesor/a.

- A formación baséase na transmisión de información e na demostración en base a prácticas exemplares para a aplicación imitativa de coñecementos e habilidades. Faise especial fincapé na explicación, nos talleres de práctica e na descrición de beneficios persoais.
- No referente á indagación, lévase a cabo a través da investigación de forma externa de situacións educativas. A mesma está dirixida pola persoa asesora, pois os/as profesores/as son entendidos como os inputs no plan de mellora da ensinanza no sentido de axentes que realizan as actividades que aquel estuda.
- No que respecta a coordinación, esta baséase na asunción dunha postura de liderado para a dinamización de tarefas intragrupo e intergrupo. Polo tanto, este liderado realízase a través dunha transmisión clara de directrices de actuación vinculadas ás dimensións de tarefa implicadas no traballo interactivo.

Neste modelo fálanse dun/dunha asesor/a que se corresponde coa figura de experto, onde dito estatus –por dicilo dalgunha maneira- o pon en competencia para realizar diagnósticos de problemas e propoñer solucións. Igualmente, os coñecementos e experiencias dos que está dotada a persoa asesora enténdense como a principal fonte de racionalidade e tecnificación para este tipo de axuda, a intervención. Igualmente, é habitual que o proceso de asesoramento siga unha secuencia de etapas de carácter lineal (diagnóstico, planificación, execución, avaliación).

Polo tanto, o experto baséase nas súas propias experiencias e concepcións para afrontar un problema ou necesidade dun docente para plantexar os obxectivos e as diferentes etapas para a resolución dos problemas, tomando el as responsabilidades e o control das decisións. Finalmente, a avaliación destas accións está baseada na eficacia con respecto aos obxectivos do asesoramento que foron propostos por el.

No que respecta as **relacións** do/a asesor/a con respecto ás persoas asesoradas, caracterízanse por ser **xerárquicas**, falando de condutas directivas por parte da persoa que asesora sobre a persoa ou persoas asesoradas.

❖ **Modelo de facilitación**

O autor, Nieto Cano, sinala que *“La facilitación define un tipo de asesoramiento educativo centrado en el punto de vista de la parte asesorada. Básicamente, el sentido de las decisiones y de las acciones de cambio es unilateral, pero en este caso la iniciativa es ejercida por el profesor. Este modelo encuentra reflejo en la metáfora del psiquiatra que escucha a su paciente y trata de guiarlo para que encuentre por sí mismo la solución a su problema”*.

A trazos xerais, e recollendo as ideas aportadas polo autor, a actividade asesora neste modelo caracterízase polo seguinte:

- O/a profesor/a sérvese do/a asesor/a para a solución dos problemas, polo tanto, o segundo depende do primeiro.
- Neste caso, os consellos maniféstanse a través de condutas interpersoais non directivas e informais.
- Os materiais igualmente son deseñados ao efecto e adaptados polo/a profesor/a coa axuda do/ asesor/a.
- A formación das persoas asesoradas lévase a cabo a través da revisión e discusión das concepcións e prácticas que se están a levar a cabo para o desenvolvemento xerativo de coñecementos e habilidades. Faise especial fincapé na fundamentación de situacións que melloren a calidade de acción tal e como é percibida polo/a docente.
- A investigación de situacións educativas neste caso é interna, tendo como líderes aos profesores e profesoras, entendendo, pola súa parte, aos asesores como un apoio e portados dunha perspectiva neutral –non interesada- ante as actividades que o profesorado estuda.
- Neste caso, délégase a toma de decisións de contido e estrutura das tarefas intra e intergrupais, adoptando o/a asesor/a unha posición de observador e cunha forte focalización na metodoloxía de traballo interactiva.

O autor, para explicar a esencia ou premisa deste modelo cita e/ou comparte o plantexamento de Verloop (1992), quen sinala que: *“la organización conoce mejor que nadie cuáles son sus necesidades y qué mejoras deben introducirse en la práctica educativa y organizativa, asumiendo para ello la iniciativa de cambio, el esfuerzo de reflexión y las acciones para lograrlo”*.

En verbas de Nieto Cano, a esencia deste modelo radica na *“autonomía de los profesores para construir criterios propios de ejercicio profesional frente a una tarea educativa que es por naturaleza ambigua e incierta y en un contexto de trabajo de carácter colegiado y autoregulado (no jerárquico ni excesivamente formalizado)”*.

Neste modelo, a tarefa fundamental da persoa asesora é crear reflexións acerca dos cambios ao igual que dar conta das reflexións propias a outros, na procura de comprensión compartidas. Neste caso, o autor tamén fai mención ao feito de garantir a confidencialidade, aspectos que nos parece de interese indicar, posto que foi un tema que abordamos na aula.

Finalmente, sinalar que a característica distintiva nas relacións, neste caso, fai referencia a que *“el control para planear y actuar, tanto como para dirigir la interacción, reside pro completo en el individuo o grupo al que el asesor sirve”*. Polo tanto, estamos falando dunhas **relacións** onde ten **maior protagonismo persoa asesorada** ou o grupo asesorado.

❖ Modelo de colaboración

En este caso, o autor sinala que *“La colaboración define un tipo de asesoramiento educativo basado en la interdependencia entre la parte asesora y la parte asesorada. En esencia, la toma de decisiones, que afectan a la resolución de problemas es consensual, ejercida por asesor y profesor en condiciones de igualdad de estatus responsabilidad compartida, siendo la influencia bilateral y paritaria (Day, 1984; Cobem y Thomas, 1997).”*

Partindo dos postulados de Nieto Cano, as características que fan peculiar a actividade asesora dende este modelo serían:

- A solución do problema faise de maneira conxunta, entre o/a profesor/a e o/a asesor/s, pois enténdense que traballan baixo unha relación interdependente.
- As propostas plántexase a través de condutas interpersoais cooperativas, para que desta maneira se poda realizar un contraste e unha deliberación.
- Os materiais son deseñados para cada caso en concreto e son adaptados d forma conxunta, mediante unha revisión de equipo.
- En canto á formación, faise especial fincapé na observación mutua e o diálogo crítico, pois aséntase na idea de que a revisión e discusión de significados e as pautas de conduta pretende o desenvolvemento compartido de disposicións e habilidades cooperativas.
- Neste caso a investigación de situacións educativas asómese, tamén, como unha labor cooperativa, onde o liderado non é asumido por unha persoa en concreto senón que é compartido cos profesores.

Como comparte Nieto Cano *“El modelo de colaboración defiende la interdependencia y convergencia de los puntos de vista del asesor y del profesor en torno a la definición de problemas, el diseño e potenciales soluciones, su puesta en práctica y revisión. (Dustin, 1992; Cobem y Thomas, 1997)”*. *“(...) un tipo de asesoramiento que se fundamenta en la reciprocidad de los respectivos bagajes de conocimiento y experiencia en un continuo dar y tomar, haciendo de las diferentes una fuente de aprendizaje mutuo, el cual sigue lo que se denomina una estrategia reeducativa (Chin y Benne, 1985; Gray, 1989)”*.

Tamén se indica que esta relación de axuda que se establece neste modelo funcionaría sobre a base dunha colaboración entendida como xenuína e voluntariamente aceptada. Sen embargo, esta relación de axuda non depende de forma exclusiva das súas decisións, senón que será relativa, pois algúns aspectos están expostos a regulacións externas.

Finalmente, sinalar que, compartimos con Escudero (1992) unha dificultade que trae consigo este modelo, que é o feito de dar un prazo ao asesor/a e o/a profesor/a na consecución

dun equilibrio axeitado ou compatibilidade entre dereitos, posicións e intereses individuais e colectivos, así como entre os elementos estratéxicos ou instrumentais da relación de axuda e os referentes a metas e contidos da mesma.

No que respecta ás relacións que se establecen, nelas resáltanse máis as semellanzas entre as partes en detrimento das diferenzas. Esa **relación** que pode entenderse como **paritaria**, faise posible a través dunha negociación e do consenso que se proxecta en dou elementos: a comunicación constante nos dous sentidos e a distribución de poder entre ambas partes, que teñen un igual ou moi semellantes oportunidades para influírse de forma mutua.

A nivel xeral, consideramos que estes modelos de asesoramento propostos por Nieto Cano veñen a ser como un continuo, do que é menos desexable ao que é máis desexable e axeito –por dicilo dalgunha maneira-. É dicir, o modelo de intervención está moi dirixido pola persoa asesora polo que a autonomía ou a capacidade de tomar decisións pola parte asesorada é mínima ou nula. Con respecto ao modelo de facilitación, as relacións son dominadas pola persoa asesorada; este modelo pode parecer a primeira vista tamén moi axeitado pero non deixa de ser unha postura bastante contraposta ao primeiro plantexado. Polo tanto, consideramos que nesa liña o máis axeitado é unha responsable compartida e o máis equitativa posible, onde o asesor como “experto” ou con “pericia” está especializado nun ámbito da educación, no cal pode axudar en gran medida á persoa asesorada. Pola súa parte, o/a profesor/a tamén ten unha gran pericia no sentido de que coñece o propio contexto, as necesidades de cambio que poda precisar a súa labor profesional, as posibles problemáticas en caso de que houbera, etc. Polo tanto, non consideramos que deben entenderse como opostos, senón que o seu traballo debe ser conxunto e sempre complementario.

CONCLUSIÓNS

Os modelos non deixan de ser clasificacións un tanto excluíntes e ideais. Sen embargo, a realidade ou o posicionamento que adopte un profesional no ámbito do asesoramento non ten que equivalerse cun ou modelo ou outro. Desta maneira, é moi a axeitada a conxunción e complemento de modelos, como sinalamos na introdución desta tarefa. Ademáis, un ou unha profesional ó longo da súa vida pode e seguro que se verá suxeito a reflexións e replantexamentos das súas formas de actuar, polo tanto, entendemos e defendemos esas necesidades de cambios e complementariedade na medida de que estas clasificacións non deixan de ser tipificadas, e que ningunha realidade nin ningunha persoa non se debería ver totalmente de acordo en relación con un modelo ou outro.

Igualmente, sinalar que xa na primeira tarefa que realizamos poidemos extraer algunhas conclusións acerca dos modelos. Cada autor/a ó propoñer unha definición en certo modo, está poñendo sobre a mesa a súa concepción nas diversas definicións que aludían ó asesoramento como unha tarefa vinculada con un modelo de consulta, falando entón dunha relación triádica e indirecta. Igualmente, ao propoñer se as actuacións son preventivas ou reactivas estamos facendo referencia a un modelo máis intervencionista ou preventivo.

En definitiva, consideramos que existe diversas clasificacións en relación cos modelos de asesoramento e orientación pero non deixan de ser as mesmas clasificacións pero, nalgúns casos, con outras ou similares denominación ou con algunhas puntualizacións. E con respecto as distincións entre modelos de orientación e asesoramento coidamos que nos atopamos ante a mesma tesitura da primeira tarefa, sabemos que o asesoramento bebe da orientación, e ó igual que a definicións de ambas prácticas de apoio están moi vinculadas e é complexo facer unha delimitación clara e precisa, o mesmo acontece cos modelos propostos en ambos casos.